

Don Xaquín Lorenzo

UN GALEGO IRREPETIBLE

Arturo Fernández Araújo

Fotografías: Xaquín Lorenzo Fernández

O día 23 de Xuño do ano 1907 nace en Ourense D. Xaquín Lorenzo Fernández.

Neste ano que conmemoramos o centenario do seu nacemento, todos os galegos deberíamos ter unha lembranza especial para este persoeiro, referente ineludible no eido da colleita e conservación do noso patrimonio.

Rico, amplo e variado é o legado que nos deixou don Xaquín en multitude de facetas da nosa cultura tradicional, pois a pesares de ser home do interior do país tamén fixo unha incursión moi importante no mundo do mar.

A súa visión de futuro foi fundamental para conservar e inmortalizar aspectos da nosa cultura tradicional que hoxe en día, de non ser por el, estarían perdidos para sempre.

O seu labor foi realizado no momento xusto, Hoxe resultaría imposible pois aínda tendo moitos máis medios técnicos faltaría o fundamental, que é o material sobre o que realizar a investigación. As causas da desaparición son varias. A primeira e fundamental é a evolución dos sistemas e modo



Hórreo nas rías baixas.

de vivir co avance da tecnoloxía. A esta causa temos que engadir, no interior de Galicia, o abandono do rural a partir da metade do século pasado, chegando hoxe en día a ter moitas zonas un índice de poboación negativo. En moitos pobos, a pouca poboación que queda está moi envellecida E practicamente inactiva nas tarefas propias do mundo rural.

O incesante labor de D. Xaquín demostra a súa adaptación a todas as técnicas de representación ao seu alcance naquelas datas nas que

a fotografía estaba nunha etapa na que realizar unha foto era unha auténtica odisea con resultado incerto. Tampouco, a ausencia de transporte privado foi impedimento para pescudar todos os recunchos do noso país. O sistema de desprazamento era o coche de liña. Aloxábase na zona a estudar, percorrendo a pé camiños e corredoiras.

A súa impresionante técnica como debuxante e a visión do espazo, foron outras das moitas virtudes que adornaron a súa personalidade. Home



Hórreo de Vilariño, na actualidade en estado ruinoso.

Fotografía feita na Coruña.



xeneroso até a saciedade, como se ten destacado, axudou a todos os que chamaban á súa porta intentando levar a cabo algún tipo de actividade relacionada coa nosa cultura, dando consellos e incluso facilitando material da súa propiedade desinteresadamente con tal de compracer o solicitante da axuda. Tamén o demostrou mercando con grande sacrificio persoal diversos materiais para o Museo do Pobo Galego, renunciando en moitos casos a satisfacer necesidades persoais básicas.

Froito da súa xenerosidade teño a sorte de conservar algunhas fotos e negativos que me cedeu pouco antes do seu pasamento. Son as fotos de hórreos que ilustran este traballo. Nelas vense as súas dotes como fotógrafo. Difundilas é un deber e unha obriga para min e imaxino que sería do seu agrado. Unha das fotografías máis destacadas é a do hórreo de Vilariño (caso especial e moi raro con pombar), na que se pode ver o deterioro que sufriu ao longo do tempo. Unha foto semellante é a que publicou na Historia de Galicia, posiblemente feita o mesmo día.

Non temos que esquecer o seu labor como docente na que tamén inculcaba aos seus alumnos o amor pola nosa terra con clases moi amenas e interesantes.

Unha vez exposto todo isto, preguntome se a súa obra está a ser considerada e utilizada como se merece e a miña resposta é que que está infrutilizada.

Tamén penso que á hora de valorar o persoeiro entre os sobranceiros da nosa Terra non se está sendo xusto, pois noutros casos, con menos méritos son máis lembrados e a causa

non é polo mérito da súa obra, senón que está relacionada co vencello político no que D. Xaquín foi remiso, demostrando ser máis ben un nacionalista cultural.

A súa obra ben utilizada pode ser unha ferramenta fundamental á hora de intentar conservar nas mellores condicións posibles o impresionante patrimonio que nos deixaron os nosos devanceiros ao longo do tempo. Precisamente, o volume deste patrimonio supón a imposibilidade de que as administracións correspondentes poidan asumir todo o custe da súa conservación, sendo necesaria unha iniciativa privada preparada e concienciada co problema que existe xa hoxe en día.

Corresponde ás administracións difundir a importancia de todo isto, pois sempre se ama máis aquilo que se coñece. Outra necesidade urxente e que as devanditas administracións tomen outra aptitude, pois a dinámica actual é insuficiente para intentar salvar o máis fundamental que esta en perigo.

Un exemplo é o de Castelao, que xa denunciaba que o hórreo galego non estaba a ser estudado como se merecía na súa obra "As cruces de pedra na Galiza". Esta situación hoxe en día é máis lamentablemente xa que unha parte do patrimonio desapareceu sen un estudo previo.

As administracións das que depende a cultura deberían lembrarse todos os días do ano de cal era o desexo de persoeiros que dedicaron a súa vida a estudar a nosa cultura e que hoxe xa non están entre nós, pois lembrarse só deles de vez en cando para cubrir o expediente ou facer a foto correspondente non é un modo



Canastro de varas, na actualidade en vías de extinción.


moi axeitado de aproveitamento óptimo do que xenerosamente nos deixaron.

Un exemplo do que realmente se valora a figura de D. Xaquín é que nunha enquisa feita polos alumnos do Colexio Cardenal Cisneros no ano 2004 sobre o grado de coñecemento da súa personalidade non era moi alentador a pesares de que estaba feita na cidade na que se dedicou o labor docente ao longo de varios anos da súa vida. Imaxínome o que pasaría no resto de Galicia.

No labor de difusión da nosa cultura tradicional teño que agradecerlle á

Excelentísima Deputación Provincial de Ourense que precisamente neste ano me permita realizar unha exposición itinerante sobre o mundo do hórreo por dez concellos da provincia de Ourense, aos que por suposto tamén fago extensivo o meu agradecemento por colaborar nesta homenaxe a Don Xaquín Lorenzo. Tamén aos habitantes destes concellos por asistir ás exposicións e aos colexios e alumnos destas zonas polo mesmo motivo.

Espero que outras administracións sigan o exemplo e a nosa cultura tradicional vaia saíndo do túnel no que está metida e que no futuro vexa máis a luz.



MANUEL CAAMAÑO SUÁREZ

Secretario do Padroado do Museo do pobo Galego. Autor de numerosas investigacións entre as que destacan as seguintes obras: *A casa popular. Sobre Galicia como responsabilidade. As construcións adxetivas. As construcións da arquitectura popular.*

